

Parroquia

División administrativa menor que un municipio de orixe relixioso, integrada por varias aldeas que nun principio pertencían á mesma freguesía (propias de Galicia e Asturias). É a categoría tradicionalmente recoñecida ás entidades colectivas de poboación. Como tales non teñen personalidade xurídica ningunha. En Galicia existen 3.781 parroquias que comprenden dende tres aldeas ata máis de quince. O Estatuto de Autonomía de Galicia prevé que se poida recoñecer, mediante lei, personalidade xurídica á parroquia rural. Parroquias de Vilagarcía: Arealonga (Santa Eulalia de Afuera); Bamio (San Ginés); Carril (Santiago); Cea (San Pedro); San Pedro de Cornazo; Fontecarmoa (San Pedro); Rubianes (Santa María); Sobradelo (San Salvador); Sobrán (San Martín de Afuera); Sobrán (San Martín); Solobeira (San Félix); Villagarcía (Santa Eulalia y Nuestra Señora de la Junquera); Carril (Santiago de Afuera).

Municipio

O municipio é a entidade territorial básica. A súa función é prestarlles servizos aos veciños, máis variados canto maior é a súa poboación. O goberno e a administración municipal correspóndelle ao concello, integrado polo alcalde e os concelleiros. Os concelleiros elíxense polos veciños do municipio por sufraxio universal e o alcalde é elixido polos concelleiros. **Exemplos de sobra entre os 8.124 municipios españois**

Provincia

A provincia é unha entidade territorial local formada por unha agrupación de municipios. A súa función é fomentar os intereses provinciais, prestar servizos de ámbito provincial, coordinar os servizos dos municipios e cooperar con eles. O goberno e a administración provincial correspóndenlle á deputación, integrada por un presidente e deputados. Os deputados escóllense entre os concelleiros electos e estes, á súa vez, elixen o presidente. Galicia está dividida en 4 provincias, as dúas occidentais: Pontevedra e A Coruña, e as orientais: Ourense e Lugo.

Comunidade Autónoma

A comunidade autónoma é unha entidade territorial formada por provincias limítrofes, territorios insulares, ou provincias con entidade rexional histórica, dotadas de autonomía lexislativa e capacidade de autogoberno sobre os asuntos da súa competencia. España se divide en 17 comunidades autónomas, 3 delas son consideradas como históricas entre elas Galicia

Estatuto de Autonomía

Norma institucional básica de cada Comunidade ou Cidade Autónoma recoñecida pola Constitución de 1978 no seu artigo 147. A súa aprobación lévase a cabo mediante Lei Orgánica, que require o voto da maioría absoluta do Congreso dos Deputados. Nel establécese: a denominación, delimitación territorial, identificación das institucións autonómicas existentes e a localización, así como as competencias que asume a comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia foi promulgado o 6 de abril de 1981.